

Concello de Outes

Expediente núm.: 387/2020

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

ASUNTO: RESOLUCIÓN BASES SELECCIÓN SOCORRISTAS

CONVOCATORIA E BASES

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN FOMENTO DO EMPREGO

SOCORRISTAS 2020

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, na data que figura á marxe, dito a seguinte Resolución:

Vista a necesidade de proceder á cobertura de 6 prazas de socorrista no marco do Programa de fomento do emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia en colaboración coas Entidades Locais (Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020, publicada no DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020) e da subvención concedida por Resolución da Xefatura Territorial do 12 de xuño de 2020;

Considerando a urxente e inaplazable necesidade de realizar as anteditas contratación xa que neste concello a praia de Broña ten un elevado número de usuarios no período estival, polo que estrictamente imprescindible a prestación deste servizo por evidentes razóns de saúde e seguridade públicas.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar para este asunto concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-171, do 28 de xuño e aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos que a continuación se transcriben:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR 6 SOCORRISTAS (CAMPAÑA DE VERÁN 2020).



Concello de Outes

1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A selección de 6 socorristas no marco do Programa de fomento do emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia en colaboración coas Entidades Locais (Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020, publicada no DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020) e da subvención concedida por Resolución da Xefatura Territorial do 12 de xuño de 2020;

2º) NÚMERO DE PRAZAS.

6 socorristas.

3º) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO. RETRIBUCIÓN

Contratos laborais temporais, coas cláusulas específicas de interese social, para a realización de servizo determinado - actividades de socorrismo nas praias e na piscina municipal de Outes-, 5 a xornada completa e 1 a tempo parcial (20 horas/semana).

A duración do contrato será do 01/07/2020 ao 20/09/2020.

Retribucións en salario bruto:

Xornada completa: 1.498,32 €/mes a xornada completa incluíndo prorratio pagas extras e demais complementos salariais.

Media xornada: 749,16 € mes polos mesmos conceptos.

4º) OBXECTO DO CONTRATO.

Desenvolvemento dos traballos de vixilancia e salvamento de persoas nas praias e na piscina municipal do municipio de Outes, en réxime de dispoñibilidade plena.

5º) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias, requisitos que deberán manterse tanto no momento da selección como no da formalización, no seu caso, do contrato:

1.- Atoparse en situación de desemprego (segundo esixe a antedita Orde de axudas).



Concello de Outes

2.- Requisitos xerais para o acceso ó emprego público:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter o título que sinala a Base 6ª. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia)

6º) REQUISITOS PARTICULARES DOS PARTICIPANTES.

a) A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais.

b) Estar inscritos no Rexistro profesional de socorristas acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto da Xunta de Galicia 104/2012, do 16 de marzo -DOG no 67, do 9.04.2012 e Decreto 35/2017, de 30 de marzo de modificación do mesmo).

7º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello www.outes.gal e no taboleiro de anuncios do mesmo, ós efectos de transparencia na actuación



corporativa.

8º) SOLICITUDES.

Os candidatos serán remitidos polo Servizo Público de Emprego previa solicitude mediante a formulación da correspondente oferta de emprego por parte do Concello de Outes. A lista de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego, terá a consideración de lista definitiva de aspirantes, xa que se trata dun rexistro público no que constan acreditadas as condicións e requisitos para figurar no mesmo.

9º) FASE DE SELECCIÓN.

A fase de selección baséase no sistema de oposición complementado cunha entrevista persoal.

9º.1) Probas aptitude física:

Os aspirantes realizarán as seguintes probas de aptitude física, que terán carácter obrigatorio e eliminatorio, e serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van realizar e cualificaranse como APTO E NON APTO e serán ordenados por orden decrecente en función dos tempos acadados.

A) 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO

B) 50 MTS. RESCATE DE MANEQUÍN

O desenvolvemento dos exercicios celebrarase na Piscina Municipal. Para que a realización dun exercicio sexa considerada como APTO, ademáis de realizalo da forma que indica o regulamento, deberá executarse nun tempo de:

A) 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO:

- Homes: inferior a 2'45'' (2 minutos e 45 segundos).
- Mulleres : inferior a 2'50'' (2 minutos e 50 segundos).

B) 50 MTS RESCATE DE MANEQUÍN:

- Homes: inferior a 1'25''(1 minuto e 25 segundos).
- Mulleres: inferior a 1'30'' (1 minuto e 30 segundos).

Os aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma tódalas probas serán declarados non aptos e quedarán eliminados do proceso de selección.



Concello de Outes

9º.2) Proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio: Consistirá na realización dun examen teórico tipo test que constará de 20 preguntas con tres respostas alternativas das que sólo unha será a correcta. A puntuación desta proba é de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para a superación da mesma.

O temario obxecto do examen descrito é o seguinte:

- 1.- Materiais de rescate.
- 2.- Técnicas de resucitación e primeiros auxilios.
- 3.- Salvamento de embarcacións e outros vehículos, medio marino, busca e recuperación con buceo.
- 4.- Métodos de rescate en cantís.
- 5.- Prevención.
- 6.- Coordinación con outros organismos.
- 7.- Operacións de comunicación e elementos de supervisión e administración.

9º.3.) Entrevista persoal e complementaria do proceso de oposición: consistirá na realización dunha entrevista individual a cada candidato que previamente superara as probas dos apartados anteriores nas que se lle formularán preguntas sobre a experiencia previa en postos análogos, coñecemento das zonas de prestación do servizo (praias e piscina municipal) e dispoñibilidade para o desempeño do posto. Valorarase ata un máximo de 3 puntos.

10º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:

- Presidente: O dinamizador cultural D. Santiago S. Nieto Romarís, ou persoa que legalmente o substitúa.

- Vogais: a técnico-auxiliar de urbanismo, Sofía Pérez Figueira e a traballadora social, Berta Buján Casanova, ou persoas que legalmente as substitúan.

- Secretaria: a educadora familiar do Concello, Juana Pedrosa Leis, ou persoa que legalmente a substitúa.

O tribunal recadará o apoio do técnico de deportes do Concello, D. Alejandro Pombo Ramos, en calidade asesor.



Concello de Outes

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma. A estes efectos prevese un máximo de 3 sesións.

11º) PUNTUACIÓN FINAL E NOMEAMENTO.

Os candidatos/as seleccionados serán aqueles que completen as probas de fase de oposición e da entrevista persoal.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente, unha vez sumadas as puntuacións das probas recollidas nos apartados 9.2 e 9.3. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os candidatos que obtiveron máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de candidatos admitidos formaranse bolsas de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas. O nomeamento do persoal seleccionado publicárase na páxina dixital da Corporación.

No caso de producírense empates entre os candidatos/as na puntuación final, aplicarase como criterio de desempate o mellor tempo acadado na proba física.

- Regras de funcionamento da bolsa de emprego:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa (certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais e certificado médico de estar apto para as tarefas a desenvolver). No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

Os aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días hábiles, o



Concello de Outes

certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

12º) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase por escrito co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días des que se publique o nomeamento. O candidato seleccionado presentará a certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delinquentes sexuais e certificado médico oficial de estar apto para desempeñar os traballos encomendados. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

13º) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo R.D. legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

14º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila nº 1 A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e



Concello de Outes

avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde

D. Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

